



**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA
PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE
GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2019 ENTRE A
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL,S.L.U. -DIARIO
DE FERROL-**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten previsto formalizar coa entidade Editorial La Capital S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a





educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

O fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

asinado dixitalmente)

